

## CLÁSICA GANDEIRA SANTA COMBA 2022

**DOMINGO 10 DE ABRIL 2022**

A Carreira Pedreste “**Clásica Gandeira de Santa Comba**” é unha iniciativa do Concello de Santa Comba a través da súa Concellería de Deportes, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable e, a través do pedestrismo, dar visibilidade ao sector da gandería da **Terra do Xallas**.

As probas levaranse a cabo o domingo 10 de abril a partir das 10:30 horas. As mesmas rexiranse polo seguinte:

### REGULAMENTO

#### Artigo 1. Participación.

Nesta proba poderán participar todas aquelas personas que formalicen a súa inscrición no tempo e prazo preciso e sempre que entren dentro do rango de idades establecido para as categorías establecidas no presente reglamento. O control da proba estará baixo a supervisión do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

#### Artigo 2. Categorías de competición.

Estableceranse as seguintes categorías de competición, tanto masculinas como femininas:

CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO
<b>Pitufas/as</b>	Nadas/os en 2015 e posteriores
<b>Sub 10</b>	Nadas/os en 2013 e 2014
<b>Sub 12</b>	Nadas/os en 2011 e 2012
<b>Sub 14</b>	Nadas/os en 2009 e 2010
<b>Sub 16</b>	Nadas/os en 2007 e 2008
<b>Sub 18 - Sub 20</b>	Nadas/os entre 2003 e 2006
<b>Senior</b>	Nadas/os en 2002 ata máster
<b>Máster 1</b>	De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba
<b>Máster 2</b>	De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba
<b>Máster 3</b>	De 55 anos cumpridos o día da proba en

#### Artigo 3. Horarios de competición.

Estableceranse os seguintes horarios para as diferentes carreiras, tanto masculinas como femininas:

HORARIO	PROBA	DISTANCIA
10:30 h	CARREIRA-> SUB 10-SUB 12	1 km aprox.
10:45 h	CARREIRA DE 3 K-> (de SUB 14 a Máster)	3 km aprox.
11:25 h	CARREIRA DE PITUFOS/AS	300 m aprox.
11:30 h	CARREIRA DE 10 K-> (De sub 18-Sub 20 a Máster)	10 km aprox.
12:30 h	ENTREGA DE PREMIOS	

## CLÁSICA GANDEIRA SANTA COMBA 2022

### Artigo 4. Lugar de SAIDA/META das probas

O lugar de saída para as distintas probas, será desde a **Avenida Alfonso Molina**, diante da Casa de Cultura, situada en Santa Comba (capital municipal).

### Artigo 5. Descrición dos percorridos das diferentes categorías.

#### CIRCUITOS POR CATEGORÍAS:

1.- **Circuito de 10k**: lonxitude aproximada de 10 km. O percorrido ten superficie mixta, un 70% asfalto e 30% terra. Percorre zonas de especial interese gandeiro, incluso, atravesando unha explotación situada do lugar de Alvarín (Alón);

2.- **Circuito 3k**: lonxitude aproximada de 3 km, con superficie de asfalto. Os corredores completarán unha volta.

3.- **Circuito Sub 10 – Sub 12**: Lonxitude aproximada 1 km, con superficie de asfalto 100%.

4.- **Circuito Pitufos/as**: Lonxitude aproximada 300m, con superficie total de asfalto 100%.

### Artigo 6. Inscripcións. Prezos e prazos.

A inscrición da proba poderase realizar de 2 xeitos diferentes:

✚ **ONLINE**: a través da páxina web <https://emesports.es/eventos>

✚ **PRESENCIAL**: no Concello de Santa Comba (Área de deportes tf. 981103034). Consultar horarios.

O prazo de inscrición rematará o **xoves 7 de Abril de 2022 ás 23:59 horas**. Non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.

#### PREZOS DA INSCRICIÓN

PROBA	DISTANCIA
CARREIRA -> SUB 10-SUB 12	GRATUITO
CARREIRA DE 3 KM aprox. -> (SUB 14 - SUB 16)	GRATUITO
CARREIRA DE 3 KM aprox. -> (de SUB 18 a Máster)	7 €
CARREIRA DE 10 KM aprox. -> (De SUB 18- SUB 20 a Máster)	7 €

### Artigo 7. RECOLLIDA DE DORSAIS e CHIPS.

Realizarase o día da proba nunha carpa situada na casa do de Cultura do Concello de Santa Comba a partir das 9:00 horas da data da proba e ata media hora antes do inicio de cada proba. Para a recollida de dorsais aplicarase a normativa Fisiocovid vixente o día de celebración da proba.

### Artigo 8. CONTROL CON CHIP.

As probas de adultos estarán controladas a través dun DORSAL-CHIP que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal; o chip irá na parte posterior do dorsal, co cal non poderá manipularse.

## CLÁSICA GANDEIRA SANTA COMBA 2022

### Artigo 9. PREMIACIÓN.

Ao remate das probas realizarase un acto de entrega de trofeos e medallas aos seguintes:

#### PREMIOS “CLÁSICA GANDEIRA”:

- ✓ Trofeos para as/os tres primeiras/os clasificados das categorías Pitufo/a, Sub 10 e Sub 12;
- ✓ Trofeos para as/os gañadoras/es absolutos da proba de 3 K;
- ✓ Medallas para as/os gañadoras/es de cada categoría establecida na proba de 3 K, de sub 14 a Máster;
- ✓ Trofeos para as/os gañadoras/es absolutos da proba de 10 K;
- ✓ Medallas para as/os gañadoras/es de cada categoría establecida na proba de 10 K, de Sub 18 – Sub 20 a Máster;
- ✓ Trofeos para os 3 primeiros clubs federados da carreira de 10 K;
- ✓ Trofeo para a/o primeira/o corredor/a local das probas de 3 K e 10 K;
- ✓ Premios económicos de 200 €, 125 €, 75 € e 50 € aos 3 primeiros clubs federados da Carreira de 10 K\*;

### PREMIOS EQUIPOS

Os 4 primeiros equipos federados da carreira 10K, recibirán os seguintes premios económicos:

- 1º-> 200,00 €
- 2º-> 125,00 €
- 3º-> 75,00 €
- 4º-> 50,00 €

***\*A premiación de clubs federados establecerase a través da suma dos postos das/dos 8 primeiras/os corredoras/es chegados/as a meta de cada clube. Os equipos poderán ser mixtos. Non se poderán alinear atletas dos clubs filiais.***

**OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS AGÁS OS CORRESPONDENTES AOS CORREDORES LOCAIS DAS PROBAS DE 3 E 10 K.**

### Artigo 10. SERVIZO DE DUCHAS E VESTIARIOS.

Haberá Servizo de Duchas no Polideportivo Municipal de Santa Comba sito a 300 mts. da liña de meta.

- Horario de apertura: de 11:00 h a 14:00 h.

O uso das duchas supeditarase á normativa Covid-19 vixente o día da proba.

## CLÁSICA GANDEIRA SANTA COMBA 2022

### **Artigo 11. Avituallamento.**

Haberá servizo de AVITUALLAMENTO líquido e sólido na zona de meta por cortesía das entidades colaboradoras. Na proba de 10 K establecerase un punto de avituallamento na metade do percorrido aprox..

### **Artigo 12. Responsabilidade e reclamacións.**

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais que a sí mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da proba (o que designe o comité galego de xuíces da Federación Galega de Atletismo) non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren (informando previamente)

**Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo a normativa en vigor da FGA e RFEA, por esta orde, para probas en ruta da tempada 2022.**

### **ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO:**

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e participar na proba, aceptan esta normativa e, en caso de dúbida ou xurdindo algunha situación non prevista nela, resolveranse de acordo coas disposicións dispoñibles, o Comité Organizador e as regras da FGA e RFEA, por esta orde.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e, a través da súa inscrición, o corredor autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a esta entidade para a tramitación, antes da compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e o ranking popular de probas de estrada. En calquera caso e conforme establecido pola Lei de Protección de Datos, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Esta proba disporá dos seguros e servizos sanitarios requerido nas normativas vixentes.

### **Artigo 13. Normativa Covid**

Nesta proba aplicarase o protocolo Fisiocovid da Federación Galega de Atletismo e da Secretaria Xeral para o deporte de Galicia vixente o día da proba.